Bibliotecas Públicas Municipais do Concello de Oleiros



**Tertulias literarias**

A

# BIBLIOTECA E CENTRO DE DOCUMENTACIÓN DA MULLER "ROSALÍA DE CASTRO". SANTA CRUZ FEBREIRO – MARZO 2021

A

## 1) Abril encantado, de Elizabeth Von Arnim — 2 a 23 febreiro



Un lugar encantador onde acudirán catro mulleres inglesas, fartas e aburridas, escapando da rutina. Alí, na primavera e en pleno Mediterráneo, conversan, viven e descobren os mellores matices da súa sensibilidade, oculta pola monotonía cotiá. E todo empezará a cambiar, quizá para sempre. Esta comedia de Elizabeth von Arnim brinda tanto pracer e fascinación hoxe como entón.

## 2) Poetízate: antoloxía da poesía galega — 23 febreiro a 9 marzo



De Rosalía de Castro ás poetas novas, esta antoloxía elaborada polo autor Fran Alonso propón unha viaxe polos poemas máis próximos, divertidos e desenfadados da poesía galega. "Poetízate" é un libro pensado para as persoas que non están afeitas a ler poesía. Para que? Para cantar, berrar, recitar, rapear, musicar, rebelarse contra o mundo ou só para falar suave na orella.

## 3) Otra vida por vivir, de Theodor Kallifatides — 9 a 23 marzo



Theodor Kallifatides viaxa, aos setenta e sete anos, á súa Grecia natal coa esperanza de redescubir a fluidez perdida da linguaxe. O autor explora a relación entre o sentido vital e do seu traballo cara a reconciliación co paso do tempo. Pero non esquece as preocupantes tendencias da Europa dos nosos días, a intolerancia e os prexuizos, entre outras nubes que ameazan o horizonte.

A programación poderá variar en función da dispoñibilidade dos títulos pertencentes a outras bibliotecas